



Versión 09-09-2020

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Segundo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Ao inicio de curso enviouse unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

Reunión dos titores cos pais e nais de infantil.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula. Ademais, tódolos días, deberán traer unha máscara de reposto e un sobre de papel co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.



INFANTIL	4º -5º (3 - 4 ANOS)	11
	5º - 6º (4- 5 ANOS)	11
PRIMARIA	1º- 2º	16
	3º- 4	16
	5º- 6º	10
ESO	1º	22
	2º	11
	3º	11
	4º	17
	Total	124

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

1.ENTRADAS E SAÍDAS AULAS ORDINARIAS E ENTRADA AO COMEDOR.

1.1. ENTRADAS AULA ORDINARIA.

As 9:15 abriremos o portal grande.

O alumnado pode ir entrando ao patio pero terá que esperar ata as 9:30 para entrar no colexio. O **alumnado de primaria espera no patio cuberto** na zona delimitada para o seu grupo. Os de **infantil no porche de entrada en zonas diferenciadas.**

O alumnado de **Educación Infantil** pode entrar acompañado ata a súa zona de espera. O profesor de garda de entrada recolleranos alí as 9:15 horas.



Cada grupo de convivencia terá un lugar asignado no patio no que deberá esperar en orde ata o momento da entrada.

Haberá 4 profesores de garda de entrada.

Secundaria entrará pola porta lateral do **pavillón** na rúa e esperará dentro gardando a distancia de seguridade.

As 9:30 cada grupo entrará no centro de forma ordenada e graduada, e o profesor de garda será o encargado de supervisar ou aplicar o xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna.

Os grupos entraran seguindo esta orden:

PORTA Principal: 4º- 5º de Infantil e 5º -6º de Infantil.

PORTA patio cuberto: 5º-6º primaria 3º- 4º Primaria e 1-2º Primaria.

PORTA TRASEIRA : 4º, 3º ,2º e 1º. Un profesor de garda por diante para controlar a subida ordenada.

1.2. SAÍDA

As familias esperarán forá da porta de entrada ao patio.

O alumnado de **EDUCACIÓN Infantil esperará na clase ata que acudan as coidadoras do transporte ou o conserxe.**

- 1º e 2º de primaria saen pola porta principal esperan no fondo do porche da entrada.
- Resto de primaria sae pola porta do patio cuberto, sendo a localización a seguinte: 3º e 4º zona intermedia do porche, 5º e 6º hall exterior se chove, ou detrás da aula de 1º e 2º se acompaña o tempo.

Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

Os mestres de garda de saída coidarán de que cada grupo permaneza na súa zona esperando polas coidadoras do bus.



Educación secundaria sairá do comedor.

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO infantil diante e primaria patio cuberto.

Haberá un lugar sinalizado para cada grupo no patio.

IMPORTANTE: Este día os acompañantes de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria podedes acceder ao patio (por favor un acompañante por alumno/a).

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

Ademais, tódolos días, deberán traer un sobre de papel co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

2. RECREO ORDINARIO.

2.1. RECREO ORDINARIO.

Cada grupo de Primaria terá unha zona de xogo no recreo:

- Patio cuberto dividido en dous: Infantil 4/5 e Infantil 5/6.
- Pista de tenis: 1º/2º de Primaria.
- 1ª Pista de fútbol sala (a carón das escaleiras exteriores): 3º/4º de Primaria.
- 2ª Pista de fútbol sala (en fronte a porta de entrada do pavillon): 5º/6º de Primaria.

O docente que se atope co grupo no momento da saída ao patio será o encargado de levar aos nenos ata a súa zona. Evitando deste xeito masificacións, interferencias,...nos pasillos. Saíndo no seguinte orde: primeiro lugar infantil, segundo 1º/2º, terceiro 3º/4º, cuarto 5º/6º (baixan polas escaleiras que dan ao patio cuberto).

Este mesmo orde manterase para a entrada ao comedor, o docente que teña clase a última hora da mañá co grupo, será o encargado de ir co grupo ao comedor, unha



vez nel. As coidadoras xa os colocan por mesas.

2.1.1. DOCENTES DE GARDA NO RECREO:

Haberá 4 docentes de garda, 1 na biblioteca para o servizo de préstamo e outros 3 no patio.

Os docentes que se atopan forá terán a seguinte localización:

- 1 zona de infantil 4/5
- 1 zona de infantil 5/6
- 1 zona das pistas exteriores.

Os docentes de garda velarán de se cumpra a seguinte orde de entrada de volta para a clase, acompañando o grupo a aula, entrando todos pola porta do patio cuberto:

- 1º lugar entran os nenos de infantil 4/5.
- 2º lugar entran os nenos de infantil 5/6.
- 3º lugar entran os nenos de 3º/4º Primaria (1ª pista de fútbol sala).
- 4º lugar entran os de 1º/2º de Primaria (pista de tenis).
- 5º lugar entran os nenos de 5º/6º de Primaria (2ª pista de fútbol sala).

Os docentes cando leven aos nenos de Infantil as aulas axudaran ao control de entrada ao o outro que queda forá esperando para entrar.

Recreos: manterase o horario de outubro a maio, pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos.

3. DIRECTRICES XERAIS DOCENTES USUARIOS COMEDOR CON E SEN GARDA.

DIRECTRICES XERAIS:

No suposto de non poder manter a distancia de seguridade mentres están a comer, deberán organizarse en quendas.

Cada docente servirase a si mesmo, e previamente tomando as medidas de seguridade adecuadas (lavado de mans,...).

DOCENTES DE GARDA DE COMEDOR:

Igual que no caso das colaboradoras, se observa un posible síntoma de COVID, o procedemento será o mesmo que os das colaboradoras. Contactar con algún destes docentes: xefe de estudos de Primaria (equipo COVID), substituta equipo COVID.

Neste suposto o que deberá de facerse é levar ao neno no menor tempo posible a aula burbulla COVID do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Armando Cotarelo Valledor

Campo do Rosario s/n

15818 Boimorto (A Coruña)

Teléfono / Fax: 981 51 62 45

Correo electrónico: cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es



Estará pendente de que se cumpran as medidas xerais de seguridade no comedor.

Realizará o servizo de levar o carro a mesa de 5º e 6º??

ASEOS

Só un usuario por baño e cada grupo terá asignado un inodoro e un lavabo.

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (981516245) ou do correo electrónico (cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TITORÍAS

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Non se contemplan casos excepcionais que requiran neste momento a titoría presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Sí haberá madrugadores.

Pendente das decisións do Concello .

Actuacions de prevencion, hixiene e protección.

Haberá una limpiadora durante a maña e limparase os baños dous veces e as mánellas das zonas de entrada e zonas de maior uso..

Prevención

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado



como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as máns con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

Accions formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Armando Cotarelo Valledor

Campo do Rosario s/n

15818 Boimorto (A Coruña)

Teléfono / Fax: 981 51 62 45

Correo electrónico: cpi.armando.cotarelo@edu.xunta.es



Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria ata o 4º curso:

Ao inicio de curso e seguindo dedicarase varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas. No caso do alumnado de EI solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o profesorado haberá nos primeiros días de setembro cursos de formación a distancia organizado por O CAFi. Ademais o centro conta cun programa de formación do profesorado.

Se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles na nosa web os vídeo tutoriais sobre a aula virtual.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º ESO)

Alumnado con continuidade (6º Primaria, 1º e 2º ESO) Asignarlle o antes posible as credenciais novas. Como xa coñecen a plataforma, farase un pequeno repaso co contidos traballados.

En 5º e novo alumnado de 1º ESO asignar as credenciais tamén o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc. A cuestión é ver canto antes as posibilidades que hai para traballar cos PCs.

Haberá que axilizar a carga de contidos na plataforma e realizar diferentes traballos



a través da mesma.

Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituais.